Concello de
Vilagarcía de Arousa
Negociado de Contratación e Patrimonio

Praza Ravella, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 313· F 986 503 427
CIF: P/3606000 B
contratacion@vilagarcia.es
www.vilagarcia.es

**RESOLUCIÓN DE LA ALCALDIA**

**Sra. Alcaldesa – Presidenta**

**Dª. María Dolores García Giménez**

De conformidade co establecido na Lei 30/2007 do 30 de Outubro de Contratos do Sector Público, no Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, iniciouse procedemento de licitación para adxudicar, mediante procedemento aberto o contrato de servizos consistente na "**Asistencia Técnica para a xestión e prestación de servizos na Oficina Técnica municipal de rehabilitación e renovación urbana-Portelo Único de Vivenda",** cun tipo licitación de 359.999,85€ (IVE incluído).

Aberta a licitación, presentaron oferta as seguintes empresas: Hermanos Alonso Garrán, S.L., Lumieira, Rehabilitación e Renovación Urbana, S.L. e Investigación y Control de Calidad, S.A.

Unha vez abertas as plicas e efectuadas as correspondentes valoracións de conformidade co establecido nos Pregos que rexen a licitación, pola Mesa de Contratación formulouse proposta de adxudicación a favor do licitador INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A, de conformidade coa súa propia proposición, por ser a oferta que maior puntuación obtivo.

Por Resolución da Alcaldía de data 8 de abril de 2010, modificada por outra de 9 de abril do mesmo ano, adxudicouse provisionalmente o contrato de servizos consistente na "**Asistencia Técnica para a xestión e prestación de servizos na Oficina Técnica municipal de rehabilitación e renovación urbana-Portelo Único de Vivenda"** á empresa, INVESTIGACIÓN Y CONTROL DE CALIDAD, S.A. (INCOSA).

Notificada a citada resolución os licitadores e publicada no perfil do contratante do Concello, con data 16 de abril de 2010 a empresa Lumieira, Rehabilitación e Renovación Urbana, S.L. presentou recurso de reposición solicitando a anulación da citada resolución por considerar que o equipo técnico presentado polo empresa adxudicataria non reúne os requisitos esixidos na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas particulares.

Do citado recurso deuse traslado á empresa Investigación y Control de Calidad, S.A. para que no prazo conferido ó efecto formulara as alegacións que estimara oportunas, o que fixo con data 4 de maio de 2010, indicando que achegou a documentación xustificativa dos extremos esixidos na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas particulares, a cal foi oportunamente cualificada sen que fora esixida subsanación algunha. Asemade indica que o prego impón respecto da persoa do licenciado que conte, de forma adicional a dita titulación, con formación tanto en xestión de patrimonio histórico como en rehabilitación urbana, se ben non esixe ningunha cualificación ou formación específica, nin concreción algunha en canto á súa experiencia, tanto en unha como noutra área. Continua manifestando que os termos xenéricos en que ben definida esta esixencia permiten á administración dar por cumprida esta dentro de seu ámbito de discreción tras unha valoración global da formación do licenciado. De haber querido o contrario haberíase esixido de forma específica no prego a presencia dun técnico en materia de patrimonio histórico e un técnico en rehabilitación urbana, pero o non ser esa a esixencia, o que se infire da cláusula 3 do prego citado e a necesidade de posuír

coñecementos en ambas materias (achega documentación, que segundo manifesta, acredita a referida cualificación do licenciado que conforma o equipo) e solicita por último que non sexa atendida a solicitude de nulidade instada de contrario e se confirme a resolución polo que se adxudicou provisionalmente o contrato á empresa INCOSA.

Emitido o correspondente informe, pola Mesa de Contratación, visto o erro cometido na adxudicación provisional realizada no seu día, conclúese que o equipo técnico presentado pola empresa INCOSA, non reúne os requisitos mínimos esixidos na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas particulares que rexe a licitación, que di o seguinte: *"3.- EQUIPO TÉCNICO.*

*Para o desenvolvemento dos traballos, o contratista deberá contar como mínimo co seguinte persoal:*

*a) Un/unha licenciado/a con especialización académica en xestión do patrimonio histórico e rehabilitación urbana.*
*b) Un/unha arquitecto/a…"*

Asemade a Mesa de Contratación comproba que o equipo técnico presentado pola empresa Lumieira, Rehabilitación e Renovación Urbana, S.L., reúne os requisitos mínimos esixidos na cláusula 3 do prego de prescricións técnicas particulares que rexe a licitación.

En consecuencia, esta Alcaldía, de conformidade co disposto pola cláusula 3 do Prego de Prescricións Técnicas Particulares e 1 do Prego de Cláusulas Administrativas que rexen a licitación, na Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento e vista a Resolución da Alcaldía 29 de xuño de 2009, pola que se delegou na Xunta de Goberno Local distintas competencias en materia de contratación, e do disposto polo artigo 21 da Lei 7/1985 de Bases de Réximen Local,

**RESOLVE**

1**.-** Deixar sen efecto a adxudicación provisional do contrato de servizos consistente na "**Asistencia Técnica para a xestión e prestación de servizos na Oficina Técnica municipal de rehabilitación e renovación urbana-Portelo Único de Vivenda",** realizada, por resolución da alcaldía de data 8 de abril modificada por outra de 9 de abril de 2010, a favor de Investigación y Control de Calidad, S.A.

2.- Ordear a devolución do garantía definitiva constituída por Investigación y Control de Calidad, S.A. coa data 16 de abril de 2010, por importe de 3.582,86€.

3.- Adxudicar provisionalmente á empresa, LUMIEIRA, REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANA, S.L., o contrato de servizos consistente na "**Asistencia Técnica para a xestión e prestación de servizos na Oficina Técnica municipal de rehabilitación e renovación urbana-Portelo Único de Vivenda",** de conformidade coa súa oferta, é dicir, polo prezo, para un ano, de 75.800,00€ (IVE excluído) o que corresponde un IVE de 13.644,00€, polo que o importe total (IVE incluído) ascende a cantidade de 89.444,00€. Ofrecendo como mellora a apertura da oficina 20 horas semanais a maiores respecto ó mínimo fixado no prego de prescricións técnicas: os luns, martes, mércores e xoves de 16.00 a 21.00 horas.

4.- Comunicarlle o adxudicatario provisional que, no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte á publicación da adxudicación provisional no perfil do contratante, deberá presentar conforme ó disposto na Cláusula 13.8 do Prego de Cláusulas Administrativas a seguinte documentación:

- Documentación xustificativa de atoparse o corrente no cumprimento as obrigas tributarias (Administración do Estado, Autonómica e do Concello de Vilagarcía de Arousa) e coa Seguridade Social.
- Certificación de alta no IAE no exercicio e no enderezo fiscal, ou recibo acreditativo do aboamento do derradeiro recibo do imposto correspondente á actividade concreta que se oferta, acompañado dunha declaración responsable asinada polo licitador na que se faga constar que non se dou de baixa na matrícula do imposto. No caso de estar exento deste imposto presentará declaración xustificativa ó respecto.
- Resgardo acreditativo da constitución na Tesourería Municipal de garantía por importe do 5% do prezo de adxudicación do contrato excluído o IVE.

3.- Notifíquese a presente resolución ós licitadores e publíquese no perfil do contratante.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa, a vinteún de maio de dous mil dez, ante mín, Secretaria Xeral que tomei razón.

Excmo. Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA
ALCALDIA

Excmo. Concello de VILAGARCÍA DE AROUSA
SECRETARIA